



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



Pozo de Pereira Nº 22
15360 - Cariño (A Coruña)
☎ 881960101
ies.cabo.ortegal@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iescaboortegal>



FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

ELECCIÓN PARA A RENOVACIÓN PARCIAL DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR 2022

CONVOCATORIA PROFESORADO

De acordo coa resolución do 19 de setembro de 2022 (DOG do 30 de setembro) da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL do IES Cabo Ortegal, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo o establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **4 profesores/as**, dun total de 7 que poden ter representación no Consello Escolar.
No caso de presentarse máis de catro candidaturas, serán os catro candidatos con maior número de votos os que entrarán a formar parte do Consello Escolar durante os próximos 4 anos.
2. O censo electoral está exposto no taboleiro de anuncios a partir do 7 de novembro. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado á Xunta Electoral, ata ás 14:00 horas do día 15 de novembro.
3. As candidaturas correspondentes poderán ser presentadas dende o martes 8 de novembro ata as 14:00 horas do martes 15 de novembro, segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro.
4. Para dar cumprimento ao artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así como tamén fixar en dita reunión a data de celebración do

Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocarase ao Claustro de Profesores/as a tales efectos, para o xoves 24 de novembro.

5. A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e o profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
6. As votacións realizaranse no IES Cabo Ortegal o día 29 de novembro en sesión de claustro extraordinario.
7. Cada profesor/a fará constar na papeleta de votación un máximo de 3 nomes da lista de candidatos/as.
8. O voto será directo, secreto e non delegado.
9. Finalizada a votación, procederase ao escrutinio de votos, e levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
10. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.
11. O conxunto das actas das distintas votacións serán remitidas á Xefatura Territorial segundo o modelo do ANEXO I da Resolución do 19 de setembro de 2022 o venres 2 de decembro.

Cariño, 7 de novembro de 2022

O presidente da Xunta Electoral



Asdo: Manuel Otero Rodríguez

